

## “Escola Nova, Mestre Novo, Educación Nova!!!”

1921-2021: aos cen  
anos da creación da  
Liga Internacional da  
Escola Nova



Participantes no Congreso de Locarno da Liga, 1927.

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega  
SEPA-Interea (USC)

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 80-81

Era a proclama (dita en castelán) que lanzaba o mestre vigués Apolinar Torres López <sup>[1]</sup>, fusilado en 1936, desde a sección “La enseñanza y los maestros” do xornal *El Pueblo Gallego*, ao tempo de facer o seguinte chamamento aos mestres e mestras de Galicia: “¡Maestros gallegos, agrupad vuestros ideales alrededor de los que sustenta la Liga Internacional de la Educación Nueva!!!” .

En 1921 en Calais (Francia) dábanse cita profesores e profesoras de diversos países europeos no primeiro congreso internacional do movemento da Escola Nova e neste marco creábase a Liga Internacional da Educación Nova (LIEN), que con continuidade celebrou congresos pedagóxicos ata o inicio da II Guerra Mundial. Terminada esta, reemprenderíanse diversas actividades con impulso menor, aínda que no caso francés naceron varios Movementsos de Renovación Pedagóxica, os que dende 2017 convocan as Bienais da Nova Educación para a posta en común das inquedanzas educativas actuais co horizonte da emancipación social.

Arredor deste impulso organizativo da Escola Nova, que tiña comezado antes e que se fraguaba en 1921 como unha plural plataforma de innovacións escolares e de formulacións educativas ao servizo do activismo didáctico e doutros elementos renovadores das prácticas escolares (cunha predominante orientación de fondo de liberalismo democrático e de pacifismo, ben que cun abano de posicións distintas dentro das afinidades compartidas e básicas), podemos asociar un denso patrimonio de biografías, ideas e experiencias, cos nomes de Dewey, Kilpatrick, Adolphe Ferrière, Decroly, Montessori, Desmolins, Kerchensteiner, Geheev, Wyneken, Petersen, Piaget, Freinet, Mira Audemars, Alexander Neill, Cousinet, Frantisek Baku-lé, Janus Korczak, Dottrens, Claparède, Cousinet, Henri Wallon, Wasburne, Hellen Parkhurst, Pierre Bovet, ou Dottrens. A memoria vivencial ou próxima de moitos deles aínda a podían trasladar, entre outros, figuras máis recentes como as de Fernand Oury, Deligny, Mialaret, Languevin, R. Gloton, Aldo Pettini ou Mario Lodi, de quen proximamente se celebrará en Italia o centenario do seu nacemento.

[1] Sobre a figura deste destacado profesor vid. COSTA RICO, A. (2019): Modernidade pedagóxica e reivindicación da Escola Nova na prensa da cidade de Vigo (1926-1929): a figura do profesor Apolinar Torres López (1894-1936). *Glaucois. Instituto de Estudios Vigueses*, 24, pp. 253-292

Os primeiros eran nomes coñecidos por aquela parte do profesorado español e galego que lía a *Revista de Pedagogía* que editaba e dirixía, con varias coleccións de libros complementarias, Lorenzo Luzuriaga, outro dos nosos destacados exiliados a América como consecuencia do fascismo. Entre ese profesorado, había profesores galegos que tiveran ocasión de viaxar a distintos puntos de Europa (Bruxelas, París, Xenebra, Zurich, Milán, Londres...) para coñecer mellor e directamente as súas realidades e as innovacións pedagóxicas, co apoio da Junta para la Ampliación de Estudios (JAE). Unha memoria en boa medida silenciada ou situada en gris e da que podemos cobrar conciencia andando os anos setenta coa axuda de *Cuadernos de Pedagogía* e de varias editoriais novas.

La Ligue Internationale de l'Éducation Nouvelle ou New Education Fellowship, cos seus congresos, entre outros os de Locarno, Niza (1932) ou Cheltenham (en Inglaterra, en 1936) e publicacións, e co singular papel xogado pola cidade de Xenebra dende que en 1912 alí se fundara o Institut Jean-Jacques Rousseau de Ciencias da Educación, veu sufrir os embates da II Guerra Mundial, de modo que os intentos posteriores de revitalización non progresaron, aínda ben que se desenvolveron distintos Movementsos de Renovación Pedagóxica, en particular en Francia, como o Institut Cooperativ de l'École Moderne-Pédagogie Freinet, o CEMÉA, ou o Groupe Français d'Éducation Nouvelle (GFEN), que mantiveron ao longo da segunda metade do século XX actividades e iniciativas relevantes, orientándose cara a horizontes de busca da escola democrática e da emancipación social.


Así, a proclama que en 1927 lanzaba Apolinar Torres tiña

acollida entre diversos ensinantes galegos, homes e mulleres partidarios da Nova Educación, como noutros lugares expoñemos con maior detemento. María Barbeito, unha das preclaras adiantadas nosas dicía con ocasión da visita realizada en 1935 á escola de Decroly en Bruxelas:


*La característica de esta escuela después de recorrerla toda es su aspecto de taller y de laboratorio; se ve que el niño elabora en todo caso su propio conocimiento y no se limita como en tantas escuelas de tantas partes a ser un mero receptáculo de lo que se le da hecho; no existen en ninguno de los lugares en que allí se reúnen unos cuantos niños la inmovilidad y el silencio, sino un discreto ir y venir para atender cada uno a su trabajo, realizado de un modo personalísimo, con toda libertad de iniciativa y de expresión y que favorece grandemente la espontaneidad y la actividad estimulada con la facultad de poder desenvolverse a gusto. “Para la vida y por la vida” fue siempre el lema de Decroly y en ese principio se halla basada toda la organización de esta interesantísima escuela<sup>[2]</sup>.*

Era esta a imaxe que ela desexaba para as escolas galegas. Entre as distintas noticias sobre contactos entre galegos e o movemento internacional, cúmpreme anotar esta perla aínda recente no meu coñecemento. En 1925 mediante un breve artigo o inspector galeguista Roxerius (Rogelio Pérez González, daquela aínda mestre) indica que había pouco recibira diversas revistas de *La Nouvelle Éducation* e un número da revista de nenos e para nenos *L'oiseau bleu*, que lle enviara Roger Cousinet desde Francia, debendo salientar que Cousinet fora desde 1922

[2] Barbeito y Cerviño, María (1975). *Países y Escuelas*. La Coruña: Mored, p. 78.



Depósito: Familia de Roxelio Pérez, Roxerius.



Desde A Coruña.



E desde Pontevedra, seguindo as propostas do Instituto-Escuela.

impulsor da asociación pedagóxica francesa “La Nouvelle Education”, antecedente do Groupe Français de l'Éducation Nouvelle (GFEN)<sup>[3]</sup>. Fermoza noticia que con outras serve para testemuñar dunha inquecandanza sentida entre unha parte do profesorado galego.

Logo veu a *longa noite de pedra*, moi longa... tanto, que esnaquizou a memoria do que andaba a moverse ata o 36. Nova Escola Galega, en particular, é afillada daquela memoria nos días actuais. ■

[3] Roxerius, “Insinuaciones. La Nouvelle Éducation”, *Galicia* (Vigo), 9.1.1925, p.7.